

AVISO


Enfermidade de corentena

Bursaphelenchus xylophilus (nematodo do piñeiro)

Co motivo da ampliación da zona demarcada polo nematodo do piñeiro, **infórmase** das medidas que se van a levar a cabo no concello de Pazos de Borbén:

- Os propietarios das parcelas de toda a zona demarcada terán a **obriga** de identificar e cortar todos os piñeiros nos que se detecte a presenza de nematodo do piñeiro, sintomáticos, mortos, decaídos ou tamén afectados por incendios forestais ou tormentas.
- Deberanse retirar ou eliminar no mesmo sitio onde se atopan as plantas cortadas e os restos de corta, mediante triturado dos mesmos a **menos de 3 cm ou mediante incineración co permiso preceptivo para a queima**.
- A madeira para serra terá como destino unha **industria autorizada** para tratamento térmico en zona infestada. Estes **traslados** deberán ser **comunicados** polos axentes encargados da corta ao servizo de Explotacións Agrarias de Pontevedra.
- Os subprodutos poderán ser enviados a unha empresa autorizada para o seu **procesado** (puntal, serrín, astela, cortiza). Estes **traslados** deberán ser **autorizados** polo servizo de Explotacións Agrarias de Pontevedra se a empresa autorizada está fora da zona demarcada.
- Queda **PROHIBIDO** o traslado de material sensible **sen tratar** dende zona infestada a zona tampón e da zona tampón a fóra da zona, exceptuando os subprodutos con destino a empresa autorizada para **destrución**.
- Os modelos para os traslados de material sensible están dispoñibles na páxina web: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/agricultura/sanidade-vexetal/organismos-nocivos-de-corentena>

Teléfonos do servizo de Explotacións Agrarias de Pontevedra:
986 805 446; 886 206 548; 886 206 581



SÍNTOMAS DO NEMATODO DO PIÑEIRO

